

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MULLERES RURAIS DE OURENSE (FEMURO) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN EXECUCIÓN DO PLAN CORRESPONSABLES

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle a este órgano superior en materia de igualdade, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Comunidade Autónoma de Galicia reconece, tanto na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de homes e mulleres de Galicia, coma na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e na Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, a importancia da corresponsabilidade na vida familiar, particularmente no mantemento, coidado e educación dos fillos e fillas, e comprométese a promover a igualdade de mulleres e homes no acceso ao mundo laboral e na asunción das tarefas familiares, mediante actuacións que procuren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

O financiamento deste Convenio de colaboración coa Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), encádrase no marco dos fondos finalistas do Estado asignados á Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables en Galicia.

As federacións de mulleres rurais de Galicia, Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR), Federación Pola Igualdade das Mulleres da Provincia Pontevedra (FEMUPO) e a Federación de Mulleres do Rural da provincia de Lugo (AFAMMER LUGO) fortalecen o tecido asociativo feminino no ámbito rural, cos obxectivos de propiciar a participación

DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE



das mulleres e a súa integración en igualdade de condicións, para mellorar a presenza e visibilización das mulleres en todos os ámbitos sociais e que contribúen á potenciación do principio de igualdade entre mulleres e homes.

O papel destas asociacións é clave no cambio de valores e de cara á transformación necesaria para avanzar na igualdade real e efectiva por razón de xénero, con especial relevancia no ámbito rural para visibilizar e pór en valor o papel das mulleres na mellora da calidade de vida, do asentamento da poboación e da dinamización do territorio en termos de igualdade e sustentabilidade.

A Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), é unha entidade sen ánimo de lucro composta por 66 asociacións de mulleres rurais federadas que se atopan diseminadas en núcleos rurais da provincia de Ourense integrando unhas 7.000 mulleres do medio rural da provincia, sendo a única Federación destas características en toda a provincia.

Entre os seus fins está o de contribuír á igualdade de oportunidades e o desenvolvemento das mulleres rurais en todos os ámbitos (político, económico e social), fomentar a participacións das mulleres e mellorar o benestar social e a súa calidade de vida, así como promover a prestación de servizos sociais nas diferentes áreas de actuacións dos servizos sociais comunitarios.

As características das actividades que ofrece o proxecto así como o colectivo ao que van dirixidas esas actividades e a ausencia no ámbito territorial de entidades alternativas que dispoñan de infraestrutura material e medios humanos, técnicos amplamente cualificados son razóns que xustifican o apoio económico necesario para acadar os fins sinalados, por ser únicos na zona para lo desenvolvemento de actuacións de fomento de emprego de calidade no sector profesional dos coidados dirixidas ás mulleres do rural para que poidan obter á cualificación profesional.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos dos sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade ten as competencias en materia de fomento da conciliación da vida familiar,

DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE



laboral e persoal, estima polo tanto oportuno asinar un convenio de colaboración coa Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), para o financiamento das accións sinaladas, cuxo obxectivo prioritario é desenvolver o Plan Corresponsables en Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Promoción da Igualdade

Maria Quintiana Pérez

